

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DE MICROCREDENCIAIS, NO MARCO DO COMPOÑENTE 21, INVESTIMENTO 6 DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades ten previsto formalizar coas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para o desenvolvemento e execución de microcredenciais polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia no marco do Compoñente 21 Investimento 6 do PRTR, denominado *Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias* e na Orde da Ministra de Ciencia, Innovación e Universidades do 27 de decembro de 2023, pola que se acorda a efectiva distribución dos créditos ás respectivas comunidades autónomas e se formalizan os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria do 21 de decembro de 2023 polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento no marco do mencionado plan.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese social de desenvolver un plan de microcredenciais cuxo obxectivo é impulsar unha nova oferta de microcredenciais universitarias para a recualificación da poboación adulta mediante formacións breves (inferiores a 15 ECTS), flexibles, modulares, acumulables e orientadas á adquisición de habilidades e competencias concretas requiridas no ámbito laboral. Este plan pretende dun



lado, transformar as universidades en institucións de aprendizaxe permanente, fomentando a demanda entre a poboación adulta e os seus empregadores. Doutro, busca promover a calidade e a pertinencia das microcredenciais, apoiando a igualdade de acceso; e creando vías de formación personalizadas e flexibles.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

